

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 9 DE MARZO DE 2018

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

**Secretaria e representante do PAS**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Presedo Garazo, Antonio

**Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Núñez Remancho Virginia

Rodríguez Álvarez, Lucía

**Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

**PAS**

Rodríguez Bouzas Josefa

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

López Díaz, María

Na aula 1.2 da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o venres 9 de marzo de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Aprobación, se procede de variacións na bolsa de horas da facultade.

4.- Aprobación, se procede da nova distribución de espazos da facultade.

5.- Aprobación, se procede da renovación de membros da Comisión de Calidade.

6.- Solicitud de aval científico para a actividade “Xornadas Internacionais de Cerámica Antiga no Noroeste Peninsular”, solicitado polo profesor Adolfo Fernández Fernández.

7.- Aprobación, se procede das táboas de recoñecementos de ciclos formativos de grao superior para o Grao en Xeografía e Historia e para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e Grao en Xeografía e Historia.

8.- Asuntos de trámite.

9.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura do nome do membro da Xunta de Facultade que xustifica a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2018.**

Apróbase por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza a decana informando de que chamaron de Secretaría Xeral para indicar que a Universidade de Vigo está integrada nun proxecto denomidado Arriet, que subvenciona accións transfronteirizas de España e Portugal. A idea é a de crear un Mestrado sobre algún tema próximo á xestión forestal, e se valora a posibilidade de realizar algo en relación a incidencia dos incendios. A universidade desexa unha participación multidisciplinar na que entraría o ámbito humanístico non só no ámbito xeográfico senón tamén noutros aspectos, é dicir, como a xestión forestal e a problemática dos incendios pode influír en determinados obxectos do patrimonio cultural, por exemplo nas escavacións. A decana opina que a temática pode estar vinculado coa área de xeografía e tamén con outras.

Iníciase un debate onde a profesora Yolanda Barriocanal indica que non ve coa área de Historia unha vinculación. A profesora Beatriz Comendador pensa que tanto a área de arqueoloxía, como prehistoria podería estar, pero que a proposta é moi difusa. O profesor Fermín Pérez, pregunta con que universidades se realizaría o mestrado, a decana aclara de que se fala de toda a fronteira de España e Portugal.

A decana tamén considera que de momento, está todo difuso, pero poderíase comezar indicando a Secretaría Xeral que liñas de investigación e que persoas estarían interesadas en colaborar.

Interveñen de novo os profesores Fermín Pérez, Yolanda Barriocanal, Beatriz Comendador e Beatriz Vaquero para intercambiar distintas ideas e propostas.

O alumno Juan Manuel Galiña indica que é unha fonte de traballo interesante para a universidade porque todo o que se está facendo en montes sen control ningún está destruindo patrimonio histórico.

Beatriz Comendador propón como posibles liñas de investigación a ordenación do territorio e a protección do patrimonio cultural.

A decana conclúe dicindo que se mandará un correo a todo o profesorado e que se pedirá máis definición por parte da Universidade de Vigo.

### **3.- Aprobación, se procede de variacións na bolsa de horas da facultade.**

A decana, explica que a bolsa de horas que xa foi aprobada na Xunta de Facultade do 23 de febreiro de 2018, precisa unha pequena remodelación que debe ser aprobada. O cambio proposto deriva de que un dos profesores aos que se lle asignaron horas, non as ía empregar porque está desenvolvendo outras funcións na ANECA e acaba de recibir a bolsa de horas que lle correspondían por esa tarefa. Realizouse unha consulta á vicereitoría de profesorado e confirmaron que aínda era posible propor un novo reparto e que había que enviálo o venres, ese foi o principal motivo da realización desta xuntanza.

A recomendación da Vicerreitoría de Profesorado era repartilas entre todo o profesorado, o que coincidía co que formulaba o profesor Julio Prada na anterior Xunta de Facultade. Seguindo pois esas indicacións o que se fixo foi dividir esas dez horas sobrantes entre todo o profesorado en fun

Aprobase por asentimento.

### **4.- Aprobación, se procede da nova distribución de espazos da facultade.**

Explica a decana que esta nova distribución de espazos obedece ao traslado dos servizos centrais do Campus de Ourense ao novo edificio do Campus da Auga, polo que o Edificio de Ferro vai quedar afectado porque se liberan espazos. No cuarto andar, por exemplo, libéranse todo o que é Vicerreitoría do Campus de Ourense, despacho do vicerreitor, da secretaria da Vicerreitoría e sala de xuntas e despachos da dirección de áreas e de gabinete de prensa. En concreto, os primeiros espazos se asignarán a Facultade de Ciencias da Educación. Ao equipo decanal pareceulle boa idea porque é unha facultade con mais necesidades que a nosa, e o correcto é que dispoña dese espazo aínda que, aclara, que o seu desexo é que a visión de todo este tema sexa compartida por todos.

A Facultade de Historia, cedería o almacén, o despacho asignado á Secretaria do Decanato, e o despacho pequeno que hai ao seu carón. A cambio, recibiría o espazo sindical onde está Luís Pérez, o do Gabinete de Prensa e o dos dous directores de área do campus. A idea é que se peche a entrada da que dispón o despacho do Decanato e darlle entrada pola outra parte, de xeito que nesa zona do cuarto andar, quedaría para a Área de Grao con zona de almacén, e para a Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos. A idea é pór no cuarto andar todos os servizos administrativos vinculados aos dous centros.

A decana pasa a explicar a súa proposta para ser valorada polos membros presentes porque, aclara, hoxe é ela a decana pero despois será outra persoa e é unha idea que se debe consensuar. Explica que o seu despacho que ten é “excesivo” e suxire, para que se valora, a idea de que se traslade a onde nestes momentos se sitúan os directores de área e crear no decanato actual unha sala común para o profesorado do centro, que serviría tamén para as reunións do decanato, tendo en conta que a sala de profesorado, comopartida coa facultade de Ciencias de Educación, se mantería com na actualidade. O espazo que hoxe é o decanato pasaría a ter un novo uso, como lugar de convivencia para todo o para pasar un rato e falar tranquilamente e ao mesmo tempo podería ser usado como sala de reunións onde a decana se reuniría coas persoas que así o solicitaran. A continuación pasa a solicitar a opinión dos membros presentes sobre que o Decanato se traslade; logo se trataría o asunto da secretaría. Intervén a profesora Beatriz Vaquero para indicar que desde o seu punto de vista non é compatible un espazo aberto a todos para convivir coa privacidade que necesita un/ha decano/a nas súas reunións. Considera máis coherente que o Decanato se mantivera onde está e utilizar outro espazo máis pequeno para ese lugar de convivencia.

A profesora Yolanda Barriocanal pregunta polo despacho que ocuparía a secretaria do decanato, a decana explica que ese é outro tema a tratar que pasa a comentar a continuación e que está relacionado coa nova ocupación da Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos que Xerencia afirma que forma unha única unidade xunto coas Secretarías de Decanato. A diferenza é que estas son postos singularizados co cal só poden traballar para os seus respectivos Decanatos e o resto de persoal da Área son postos non singularizado e poden axudar aos centros para os que traballan. Continúa dicindo que a realidade dos centros que se ubican no edificio é moi distinta, por unha banda está a Facultade de Ciencias da Educación que é o centro máis grande e a Facultade de Historia que é o centro máis pequeno. As dúas

secretarías de Decanato non se poden axudar entre si entre o persoal do resto da área. En función disto, propón que as catro ou cinco persoas compartan espazo, a razón é que a Secretaría do Decanato estea sempre atendida, con independencia de vacacións, días de permiso e baixas curtas, pero implicaría que non estea unida ao despacho da decana. Expón que, a súa reflexión débese a que a Secretaría do Decanato da Facultade de Historia estivo dous meses pechada. A Facultade de Ciencias da Educación tamén desexa que estean xuntas, aínda que advirte que o problema que se detectou é que Área de Apoio está sobrecargada.

Josefina Cadilla, secretaria do equipo decanal da facultade e xefa de negociado da Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, manifesta que está en contra da unión das persoas nun mesmo espazo porque o que se pensa é que unindo a catro persoas ou cinco, que se vai a poder facer todo traballo. O problema é que a Área de Apoio está, como ben di a decana desbordada. Explica que hai nestes momentos grandes perdas de tempo en calidade, porque os datos que hoxe se introducen varían ao día seguinte co cal hai que volver sobre eles e sobre todos os documentos no que se reflexan. Explica como por exemplo, fai uns días a Área de Calidade proporcionou uns datos relativos ás taxas de abandono que hoxe xa non son os mesmos. A Área de Calidade bebe duns datos da Unidade de Análise e Programas e eses datos que hoxe proporciona a unidade, cambiáronse sen previo aviso. Aumenta por todo isto a carga de traballo de todas as persoas implicadas e aumenta o tempo improdutivo.

Susana aclara que non é unha a Área de Calidade quen ten a culpa se non a Unidade de Análises e Programas que cada dous por tres cambia os datos.

Aclara Josefina Cadilla que a Facultade de Ciencias da Educación solicitou revisar todos os datos de satisfacción xa que, despois da revisión realizada, son distintos aos anteriores. Entramos nunha dinámica na que hoxe se realiza un traballo que mañá se modifica, co cal temos que volver a comezar de novo.

Pasa a expor que o número de persoas que hai na área de apoio é de tres, con unhas tarefas definidas e que van en aumento co paso do tempo: apoio á xestión de centros e departamentos, apoio á ORI no Campus de Ourense, apoio as tarefas de calidade, xestión de prácticas curriculares, e segundo unha instrución realizaremos tamén funcións de rexistro interno e de lugar onde se realice a sinatura dixital para todos os membros da comunidade universitaria; a isto hai que engadir a organización e xestión do persoal que

forma parte da área porque das tres persoas da área unha é a xefa da Área. Nestas condicións, desexa indicar que si a maiores de todas estas tarefas desde a área hai que apoiar ás Secretarías de Decanato nos períodos de vacacións, de días por asuntos propios, descanso para o café, e baixas curtas en todo o que necesiten, obrigarase a deixar de facer o traballo que nese momento teñen asignado para facer o que está asignado outras persoas. O nome co que se denomina a Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, é un nome xeral pero as súas tarefas son específicas, están definidas e son moi variadas e numerosas.

A PAS Josefa Rodríguez indica que se a área está desbordada, a solución sería aumentar o persoal.

A decana indica que no Decanato teñen máis traballo que antes, pasa a por un exemplo: o ano pasado realizamos un proceso de acreditación do grao, e tivemos a unha administrativa de 8 a 3 durante dous meses e a unha bolseira de calidade agora, atopámonos con que Área de Apoio está dedicada á Facultade de Ciencias da Educación e aos departamentos pero a Historia non lle pode dedicar o tempo necesario, e “vaia por diante que Fina e Mari se matan a traballar”.

Josefina Cadilla indica que pensar de que a Área de Apoio é a solución a todos os problemas da xestión de centros é un erro porque houbo neste campus unha redución de persoal de sete persoas, a Xerencia pretende que reducindo nesa cantidade o número de persoas aumente o número de servizos que se realizaban antes da execución da RPT e do concurso de traslados. Se o que se desexa é aumentar o número de servizos faise necesario persoal e aplicacións informáticas. Por exemplo, no tema das prácticas, despois da reunión con Alejandro da Área de Emprego, considera que o que se vai facer está moi ben pero o problema é que para este curso académico non vai estar. No caso do Grao en Traballo Social, con Rubén, o coordinador de prácticas, vaise empezar no deseño duns formularios na aplicación que ten a Universidade de Vigo á que por certo se lle deu moi pouca publicidade e que non dispón de manual, co cal haberá que familiarizarse co aplicativo e tentar facer as cousas o mellor posible. O problema é que se necesita tempo porque as cousas non se fan de hoxe para mañá. De momento, tampouco hai permisos para poder comezar coa realización deses formularios. Aclara tamén que non é aconsellable o uso de Google Drive no deseño dos formularios por tratarse dunha empresa privada que empregaría eses datos para o seu propio beneficio.

Nesta situación a administrativa solicita que lle expliquen como por exemplo se pode dar apoio a Raquel do Decanato da Facultade de Ciencias de Educación, funcionaria á que a ela mesma lle consta que está desbordada porque recibe correos dela relativos ao departamento ao que presta apoio ás seis da tarde. O problema é que a xente que hai non chega e é algo do que o persoal non ten culpa. Volve incidir en que se lle deu un nome xeral a un área que está realizando funcións específicas, determinadas e para dúas direccións totalmente diferentes a de centros e a de departamentos.

A decana indica que sería convinte volver ao tema dos espazos, indicando que a raíz da reflexión que fai Fina, conclúese que evidentemente ela considera que si van estar xuntos vai ser máis difícil o traballo.

Aclara Josefina Cadilla porqué efectivamente vai ser máis difícil o traballo: van a estar catro ou cinco persoas xuntas e a iso ímoslle unir un público moi diferente, que combina alumnado, estudantes Erasmus, profesorado, coordinadores de todas as titulacións, equipos directivos de departamento e equipos decanais. Canto máis público haxa nunha sala a capacidade de concentración diminuírá, restándose privacidade porque ás veces fálanse de cousas que forman parte da dinámica do centro e do departamento que pode ser mal interpretada polo alumnado que o escoita, sen esquecer que se perde o segredo profesional porque do que se fala pode ser escoitado por todo o alumnado e profesorado que estea alí presente.

Susana ve que está claro que hai argumentos válidos e que hai que valorar todas as opinións que se formulan por parte dos distintos colectivos implicados.

Interveñen Antonio Presedo e Beatriz Vaquero que consideran que é un tema moi complicado.

A decana, lle preocupa que a Secretaría do Decanato estea pechada cando non estea a administrativa. Josefina Cadilla comenta que a solución non pode pasar pola área de apoio co persoal do que dispón na actualidade, terá que buscarse outras solucións. Considera que non é funcional que esa Área de Apoio comparta nun mesmo espazo con un público tan distinto. Por outra banda argumenta que por cuestións de imaxe, un equipo decanal ten que ter un/ha secretaria/o asignado, para conseguir privacidade e pola propia imaxe que a facultade ten que transmitir á sociedade.



Fermín Pérez, pregunta si esta decisión non corresponde a Xerencia. A decana explica que a decisión é dos Decanatos, e que cada centro pode decidir cousas distintas, é dicir o que decida Historia non ten porqué coincidir co que decida a Facultade de Ciencias da Educación.

Josefina Cadilla, propón, pero sempre dentro das limitacións da carga de traballo que ten a área, que as dúas Secretarías de Decanato desvíen o teléfono a Área de Apoio cando non estean. Volve a incidir en que, por exemplo, no caso do departamento para o que presta ela apoio antes tiña para el só a unha secretaria asignada, agora ese posto desapareceu coa nova RPT e asume as funcións a Área de Apoio xunto con tarefas de calidade, ORI en Ourense, prácticas curriculares, e en breve rexistro interno e xestión da sinatura dixital para a comunidade universitaria. A decana indica que podemos concluír entón que a Área de Apoio é insuficiente é que o centro ten máis carga de traballo que antes, e que entón haberá que pedir un reforzo.

Ábrese un pequeno debate no que interveñen Beatriz Vaquero, Antonio Presedo e Beatriz Comendador, no que o sentir é que a Secretaría do decanato da Facultade de Historia se manteña próxima ao decanato.

Beatriz Vaquero propón utilizar un dos despachos pequenos para a “common room” como lle chama Antonio Presedo a ese espazo de convivencia, porque desde o seu punto de vista, é inaceptable empregar o espazo do Decanato actual dese xeito.

Beatriz Comendador, propón dividir o actual Decanato en dous, sala de reunións e despacho de decana/o.

Conclúe a decana explicando que a proposta do Decanato será, aínda que sexa collendo espazo doutra zona: un despacho para a/o decana/o, sala de reunións, despacho para a Secretaría de Decanato e unha common room aínda que aclara que non lle gusta o nome pero que o emprega agora para non crear confusión coa existente sala de profesorado.

## **5.- Aprobación, se procede da renovación de membros da Comisión de Calidade.**

A decana propón a inclusión da profesora Yolanda Barriocanal substituíndo a Elena de Uña. Apróbase por asentimento.



Vaise substituír na web a Pilar Joga porque delegou en Josefina Cadilla, igual que no seu día o fixo en Carmen Arribas, a anterior secretaria da facultade. Queda institucionalizado deste xeito en Xunta de Facultade a citada substitución.

Fermín manifesta a súa intención de seguir como membro da Comisión de Calidade representando ao mestrado que coordina. A decana insiste na importancia de asistir as reunións, especialmente porque vaise comezar co proceso de acreditación do mestrado. Este venres quedará a decana con Antonio Presedo e despois desexa quedar con Fermín e Adolfo para comezar a repartir tarefas porque en dous ou tres meses estará a acreditación.

**6.- Solicitud de aval científico para a actividade “Xornadas Internacionais de Cerámica Antiga no Noroeste Peninsular, solicitado polo profesor Adolfo Fernández Fernández.**

Apróbase por asentimento

**7.- Aprobación, se procede das táboas de recoñecementos de ciclos formativos de grao superior para o Grao en Xeografía e Historia e para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e Grao en Xeografía e Historia.**

Este punto aprobouse nunha Xunta anterior, pero contiña erros, xa que antes só se tiña recoñecido as prácticas pero hai que recoñecer como mínimo 30 créditos ECTS de xeito que o que se fixo foi completar ata chegar a esa cantidade.

Apróbase por asentimento.

**8.- Asuntos de trámite.**

Non se presentan.

**9.- Rolda de intervencións.**

Beatriz Comendador desexa que nos felicitemos todos por quedar no Top Ten do índice de satisfacción dos titulados/as de Grao da Universidade de Vigo no curso 2015/2016.

O alumnado presente solicita que si hai diñeiro para realizar as reformas indicadas deberíase tamén empregar algo para renovar as aulas. Faise unha crítica da escasa calefacción e da pouca ergonomía das aulas da planta . A decana explica que cando hai algo que non funciona en relación a calefacción hai que ir a conserxería e que a preferencia destas obras en concreto a determina vicerreitoría de campus.

Antonio Presedo comenta que esta demanda se indica no Informe de Revisión pola Dirección.

Josefina Cadilla propón que se dea parte ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais porque as aulas non son ergonómicas e poden producir problemas músculo-esqueléticos.

A alumna Virginia Núñez solicita que se aumente o número de enchufes na aula 0.7 e indica que se podería acolchar igual que se fixo noutras aulas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h do día 9 de marzo de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba